



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2015

OFICINA DE COOPERACIÓN E
VOLUNTARIADO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Movendo
fronteiras

OCV

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Vicerreitoría de Relacións Internacionais e
Cooperación

A Coruña

Facultade de Socioloxía, 1.º andar

Campus de Elviña, 15071 A Coruña

Tel. 981 167 000

www.udc.gal/ocv

Director

José Jesús Cendán Verdes

Extensión: 1334

jesus.cendan.verdes@udc.es

Persoal técnico

Lorena Rilo Pérez

Extensión: 1752

ocv@udc.es

Ferrol

Centro Cultural Universitario, 1.º andar

Campus de Esteiro, 15403 Ferrol

Persoal técnico

Vanessa Míguez Martín

Extensión 3677

ocvfer@udc.es

*Documento redactado por Lorena Rilo Pérez
e Vanessa Míguez Martín*

*Colaboración na recopilación da
información por Diego A. Giraldo Alzate*

1 [pág. 04](#)

Introdución

2 [pág. 05](#)

Cooperación ao desenvolvemento

Proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC)

Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)

Proxectos de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social (EPD)

Actividades coas ONG de desenvolvemento

3 [pág. 22](#)

Voluntariado

Menores

Exclusión social

Inmigración

Ámbito sociosanitario

Diversidade funcional

Educación para o desenvolvemento

Actividades con outras entidades de acción social

Colaboracións con outras administracións

Colaboracións no seo da Universidade da Coruña

4 [pág. 35](#)

Aprendizaxe e servizo

5 [pág. 36](#)

Formación

Participación en redes

Sinerxías con outras Universidades

Comunicación

1

Introdución

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) é un servizo universitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na busca do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, alén da cidadanía, na área de influencia da UDC. Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da UDC, así como tamén ofrece espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a misión da UDC como entidade de educación superior, centrada na formación integral da persoa e na construción dunha cidadanía local e global activa e crítica, ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sustentable.

Depende da Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación, e conta con dúas oficinas situadas respectivamente nos campus de Elviña (A Coruña) e Esteiro (Ferrol). É membro fundador da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), xunto coas súas homólogas das outras dúas universidades galegas.

En relación cos recursos humanos de que dispón, arestora son os seguintes: unha técnica especialista funcionaria na oficina de Coruña e outra interina na de Ferrol. Ademais, coa creación da RGCUD contratouse un técnico de coordinación da dita rede, que se incorporou no mes de outubro de 2014. Os recursos humanos da OCV, complementáronse coa chegada dunha bolsreira á oficina da Coruña.

2

Cooperación ao desenvolvemento

Enténdese a cooperación ao desenvolvemento da universidade como un conxunto de actividades realizadas pola comunidade universitaria orientadas á transformación social nos países máis pobres, a prol da paz, a igualdade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade ambiental no mundo, transformación en que o fortalecemento institucional e académico teñen un papel importante.

Código de conduta das universidades en cooperación ao desenvolvemento, 2005

A OCV seguiu a incrementar e potenciar o seu traballo en materia de sensibilización, formación en cooperación e educación para o desenvolvemento durante o ano 2015, así como o traballo específico co PDI da UDC para tratar de implementar e fortalecer unha docencia e unha práctica destinadas á formación en solidariedade do seu alumnado. Entre outras accións, publicouse a II Convocatoria de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social, cun aumento importante do número de persoas participantes. Tamén se levaron a cabo distintas actividades formativas na Coruña e Ferrol por medio da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), como continuación das desenvolvidas no ano anterior.

En setembro de 2015 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) que marcan a nova axenda do desenvolvemento até o ano 2030. As universidades deben iniciar un novo proceso de reflexión estratéxica para que os retos da devandita axenda se convertan en transversais no seu seo.

Así mesmo, o ano 2015 pasará á historia pola profunda crise humanitaria que aínda continúa a vivirse na actualidade no tocante ás persoas refuxiadas e migrantes. A OCV, co fin de tentar chegar o seu gran de area, mobilizouse para dar a coñecer as causas da dita situación a través do testemuño de persoas que están a vivila en primeira persoa. De igual maneira, puxemos en marcha medidas activas para tentar paliar o sufrimento de refuxiados e migrantes acollidos na nosa contorna máis próxima, facilitándolles a través do voluntariado apoio para mellorar as súas vidas.

Por último, salienta que a OCV participa como socia xunto á Fundación Universidade da Coruña e a Universidade Eduardo Mondlane de Mozambique nun proxecto de

Cooperación Universitaria ao
Desenvolvemento (CUD) presentado á
Convocatoria de Proxectos de Innovación
en Cooperación ao Desenvolvemento da
Axencia Española de Cooperación
Internacional ao Desenvolvemento
(AECID,), cun período de execución de 18
meses, ata mediados do 2017.

Proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC)

No ano 2015 publicouse a IV Convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC) para PDI e PAS da UDC, con que se pretendeu achegar o dito tipo de proxectos ao persoal desta universidade e buscar a súa implicación. Esta convocatoria estivo dotada con 7000 €, e participaron nela cinco persoas. A continuación presentamos algúns detalles acerca das localizacións, as persoas participantes e os proxectos.



[Fai clic aquí para ver o mapa en Google Maps](#)

Colombia

Adriana Ávila Álvarez

Doutora Facultade de Ciencias da Saúde

ONG El Mejor Amigo del Hombre

Desenvolvemento dun proxecto para favorecer a formación cidadá, as competencias comunitarias e a resolución de conflitos a través da técnica da educación asistida por animais.

A dita técnica é realizada por un/ha profesional da educación, xunto cun/ha profesional en educación canina e un ou varios animais. Deste xeito, trátase de favorecer nenos e nenas de 7 a 10 anos en situación de exclusión social con actividades satisfactorias que promovan a colaboración, a cooperación, o diálogo, a emoción, e a comunicación preverbal e verbal.

Ecuador

José Manuel López Vilariño

Coordinador do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)

Fundación Heifer

O obxectivo do proxecto de que formou parte foi fomentar unha agricultura sustentable desde un punto de vista ecolóxico e de protección da biodiversidade como medio de mellora da seguridade alimentaria. Para alén, buscou desenvolver a economía de pequenas asociacións de mulleres indíxenas marxinadas.

Mozambique

Plácido Lizancos Mora

Profesor titular do Departamento de Representación e Teoría Arquitectónica

ONG Arquitectos sen Fronteiras

Participou ofrecendo apoio ao equipo directivo e restante comunidade académica da Universidade Pedagóxica de Maxixe na análise do plan docente do centro e no estudo das súas necesidades. Buscou, de aí en diante, establecer un plan de acción que permita o fortalecemento institucional e académico deste centro.

Nicaragua

Sandra Martínez Costa

Profesora contratada doutora do Departamento de Humanidades

ONG Ayuda en Acción

Realización de reportaxes, recollida de imaxes e recollida de testemuños das persoas que están a vivir en situación de pobreza en Nicaragua. Difusión e documentación das tarefas que a ONG e os voluntarios e voluntarias están a facer alí. Como fin último, propúxose a montaxe dunha exposición do material fotográfico ou de vídeo.

Guatemala

Thais Pousada García

Profesora colaboradora da Facultade de
Ciencias da Saúde

Asociación Nuestros Ahijados

Colaboración nun centro de saúde na atención dos bebés, a hixiene e as alimentacións dos nenos e nenas con patoloxías relacionadas coa desnutrición. Máis especificamente, participou no proceso de rehabilitación e atención aos nenos e as nenas con discapacidade e a súa atención básica de saúde.

Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)

Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa que ofrece ao alumnado da UDC que colabora con ONGD a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estada de cooperación dun a tres meses. O traballo que se desenvolve pode ser validado por proxectos de fin de carreira, por prácticas de materias ou por traballos obrigatorios de fin de carreira.

Alén disto, participar nun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario como para a sociedade en xeral, xa que tras o regreso se realizan charlas para dar a coñecer o aprendido na experiencia.

No ano 2015 presentouse na UDC a IX Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade en programas de cooperación para o desenvolvemento, dotada con 22 000 € destinados a financiar os gastos do desprazamento ao país de destino e o seguro da viaxe, así como os de xestión e coordinación da dita actuación (protocolo, difusión etc.). Este ano seleccionáronse trece proxectos, que presentamos a continuación xunto con algúns detalles acerca das localizacións e as persoas participantes.



[Fai clic aquí para ver o mapa en Google Maps](#)

Ecuador

David Pou Villa

Grao en Comunicación Audiovisual

ONG Ayuda en Acción

Colaboración no fortalecemento dos e das menores comunicadores nos procesos de deseño, difusión e promoción de produtos comunicacionais. Buscouse incorporar elementos de igualdade de xénero, xestión de riscos e dereitos.

Silvia Rodríguez
Fernández

Doutoramento en bioloxía ambiental

ONG Heifer Ecuador

O seu labor consistiu en coñecer os diferentes proxectos que se están a desenvolver na rexión e o seu impacto nas comunidades. Para alén, traballou na implementación de cultivos con certificado ecolóxico de diferentes especies de interese.

O Salvador

Rebeca Núñez
Longueira

Grao en Comunicación Audiovisual

ONG Asemblea de Cooperación pola Paz

Participou na realización de curtas documentais sobre a dura situación dos pesqueiros de Bajo Lempa. Ademais, traballou no obradoiro de radio do Colexio de San Salvador de Cooperación pola Paz na zona.

Samuel Costa
Rodríguez

Grao en Arquitectura Naval

ONG Asemblea de Cooperación pola Paz

Adecuación da frota pesqueira de Bajo Lempa a través da análise e mellora das infraestruturas pesqueiras. A finalidade que se perseguiu foi dotar de novos recursos pesqueiros e empregar novos métodos de pesca que melloren a seguridade e a eficacia dos pescadores.

Guatemala

Ana Rivas del
Pozo

Grao en Arquitectura

ONG Arquitectos sen Fronteiras

Rehabilitación, reforma, ampliación e nova

Beatriz Sierra
Romero

Grao en Arquitectura

ONG Arquitectos sen Fronteiras

Rehabilitación, reforma e nova construción

construción dun centro de saúde, vivendas e un instituto. Buscouse, ademais, fortalecer as capacidades das organizacións comunitarias e os individuos a prol dun desenvolvemento integral da comunidade.

dun centro de saúde e dun centro de atención permanente na zona. Para alén, a finalidade da súa viaxe foi elaborar un estudo que relacionase a prevención de enfermidades cunha boa construción, e recoller información sobre un proxecto construído con anterioridade para elaborar o documento de criterios de deseño de centros educativos.

Honduras

Dolores Andújar Rogel

Grao en Educación Social

ONG ACOES

Participou no ensino da preescritura e prelectura nos centros de educación infantil (*kinders*). Ao tempo, traballou no desenvolvemento da autonomía e as habilidades sociais e afectivas das crianzas a través do teatro.

Lorena Martínez Cernadas

Grao en Educación Social

ONG ACOES

O obxectivo do proxecto de que formou parte foi promover unha cidadanía crítica capaz de cooperar de forma efectiva na mellora do seu contorno, defendendo os seus dereitos e fomentando unha rede de colaboración e cooperación.

Paula Vázquez Touceda

Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigacións, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural

ONG ACOES

O seu labor consistiu en mellorar as condicións de vida dos nenos e mozos da colonia, así como en integralos familiar e socialmente.

Sergio Bao García

Grao en Arquitectura

ONG ACOES

Achega dos seus coñecementos técnicos nos proxectos que a ONG desenvolve nos centros de capacitación xuvenil e nas escolas nocturnas, adaptadas a persoas mozas e adultas con baixos recursos económicos que desexan reincorporarse ao sistema educativo.

Nicaragua

Carlota Marina
Romeu Barreiro

Grao en Educación Social

ONG Solidariedade Internacional de Galicia

Romper os prexuizos e estereotipos de xénero; concienciar sobre a situación do medio e o cambio climático; dar a coñecer os dereitos humanos; e promover o desenvolvemento das competencias prelaborais necesarias para o acceso a un emprego e o seu mantemento.

Cristina Dans
Iglesias

Dobre grao en Dereito e ADE

ONG Sólida

Consecución dun plan de desenvolvemento sustentable para o Instituto Tecnolóxico de Las Segovias, así como análise do impacto económico e social do comercio xusto e o modelo do *direct trade* nos produtores de café nicaraguanos e os seus traballadores.

Carlos Gil Soriano

Mestrado Universitario Asesoramento Xurídico

ONG Sólida

Colaborou na formación técnica dos e as axentes para que adquiran as competencias necesarias que lles permitan captar fondos das organizacións e institucións que operan na esfera internacional, co fin de financiaren proxectos que supoñan un desenvolvemento para a rexión.

Experiencias

Entrevista a Dolores Andújar Rogel, usuaria do programa de PCR da OCV



En que proxecto participaches en 2015?

Fun coa ONG ACOES a Honduras, onde ten moitos proxectos. Nun principio ía co proxecto das escoliñas (*kinders*) para traballar con nenos de 3 a 5 anos, pero unha vez que estás alí dáste de conta de que o campo [de actuación] é moi amplo, e puiden colaborar con outros proxectos, como o dos centros de prevención, con rapaces a partir dos 15 anos.

Como te sentiches a primeira vez que chegaches ao país de destino?

Moi confusa, chegas cun *jet lag* increíble, estás totalmente desorientada. É como se estiveses en Galicia aínda, pero con todo o mundo falándoch e orientándote, onde vas durmir, onde tes que estar, ti realmente non estás a comprender nada, até que pasan dous ou catro días que xa empezas a asentar un pouco a cabeza.

Como foi a acollida por parte da contraparte local?

Incríbel, a xente é moi acolledora, no sentido de que nada máis chegar ao lugar no aeroporto nos foron recoller, fixéronnos sentir como na casa o máximo posible, xa que son conscientes de que para nós é un choque cultural moi grande ao estar alí e que sexa unha realidade tan diferente.

Recomendarías a experiencia? Por que?

Por suposto, ao cen por cento. Sexas a persoa que sexas, e a personalidade que teñas, é algo co que vas crecer moitísimo como persoa e sempre atoparás, aínda que sexa difícil os primeiros días, xente que te vai apoiar, xa sexa de aquí ou alí. Viaxar é unha experiencia que che abre a mente, e cando ti comezas a abrir a mente, dáste de conta do respecto e a tolerancia por todo o que te rodea, aínda que non o compartas. É algo que está dentro de ti e é algo que todas as persoas deberían vivir.

Que che proporcionou esta estada no persoal, profesional e vital?

No persoal, [aprendín] a ser máis tolerante e respectar certos comportamentos e actitudes doutras persoas [fronte as] que noutros momentos tería reaccionado dunha forma menos tolerante, por que é algo que non comparto, pero en realidade isto cambia cando abres a mente.

No profesional, igualmente, aprendes a traballar con todo tipo de persoas e saber que cada persoa é un mundo e tes que ser firme e non perder os papeis por algo co que non esteas de acordo. E no vital, cambiou a miña forma de pensar e vivir, así que é máis o que recibes do que das.

Cales foron as túas motivacións para presentarte a esta convocatoria de 2015?

Nada máis marchar de Erasmus, descubrín que viaxar era algo que me chamaba moito, e América Latina sempre foi un destino na miña mente, pero como todos sabemos é unha viaxe cara e non a podes custear sen planificación previa. Esta bolsa ofrece aos estudantes a oportunidade para poder ir, abrir a mente e participar nun proxecto de cooperación internacional. Sempre quixen facelo e traballar no campo en que estou formada, que é [o d]a educación.

Proxectos de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social (EPD)

A Convocatoria de axudas de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social viu en 2015 a súa segunda edición, cun aumento considerable de persoas participantes, as cales pasaron de cinco a dez. A dita convocatoria, dotada este ano con 8000 €, ten por obxectivo apoiar actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria cuxo fin sexa darlles pulo na universidade aos valores da solidariedade; sensibilizar a sociedade sobre as causas da pobreza e as desigualdades norte-sur, norte-norte; fomentar o desenvolvemento humano sustentable e a xustiza social; e favorecer aquelas iniciativas que promovan a participación social da comunidade universitaria na UDC.

Dentro desta convocatoria financiáronse os dez proxectos que recollemos a seguir.

Sonia Seijas Ramos, persoal de administración e servizos na Unidade de Atención á Diversidade (Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa). Organizou a Xornada de Sensibilización para a Comunidade Universitaria, aberta a todo o público, co fin de intentar achegar a realidade da discapacidade (física, auditiva e visual), así como das enfermidades raras, a todos os interesados. A dita xornada incluíu non só conferencias, senón tamén testemuños en primeira persoa e obradoiros en que os participantes puideron vivir a experiencia das persoas con discapacidade.

Angélica Díaz de la Rosa, profesora na Escola Universitaria de Relacións Laborais. Levou a cabo un proxecto conxunto entre o alumnado e o profesorado do centro, dirixido a toda comunidade educativa da UDC, concibido como un laboratorio. Entendeuse este como un espazo de encontro participativo, que servise para traballar, coñecer e analizar experiencias de acción solidaria, emprendemento social e economía social a través de mesas de traballo, charlas e conferencias en que participaron membros de distintas entidades de participación social.

Ana María Veleiro Pérez, profesora no Departamento de Filoloxía Española e Latina (Facultade de Filoloxía). Realizou o obradoiro “La enseñanza de español a inmigrantes. Problemas y recursos”, dirixido a alumnos dos tres graos que se imparten na Facultade de Filoloxía e mais do Mestrado Interuniversitario de Lingüística Aplicada (itinerario de adquisición e ensino de linguas).

Neste obradoiro expúxose a problemática xeral do ensino a inmigrantes e a súa especificidade fronte outros tipos de ensino do español como lingua estranxeira, e propúxose diversas actividades prácticas. Así mesmo, tivo lugar a conferencia “Español para inmigrantes: una experiencia diferente”, impartida pola doutora Susana Azpiazu, profesora titular da Universidade de Salamanca. A dita conferencia, en que se trataron cuestións da metodoloxía específica do ensino do español a inmigrantes, estivo dirixida ao público en xeral, e foron invitadas a participar as ONGD da cidade da Coruña.

Isabel Novo Corti, profesora no Departamento de Análise Económica e ADE e membro da Unidade de Investigación EDaSS (Facultade Economía e Empresa). Realizou un obradoiro coa finalidade de dar a coñecer a situación de precariedade e pobreza en que se atopan as persoas que viven nas áreas rurais e periféricas de Galicia e o norte de Portugal, coa participación de representantes sociais e investigadores de ambos os lados da raia. Tamén publicou un libro en liña en que se recolle o debatido no obradoiro e as reflexións de

membros da sociedade e de investigadores sobre o tema.

Sara Miguélez García, estudante da Facultade de Ciencias da Comunicación. Puxo en marcha o proxecto do seu TFG, *Superpoderes para gente corriente*, que consistiu nunha campaña publicitaria para motivar e animar as persoas a se faceren voluntarias. A campaña contou cunha curta documental, unha web, entrevistas a voluntarios, un mapa interactivo de España coas distintas ONGD e un apartado de “recrutamento de voluntarios” onde os voluntarios subiron a súa foto e información diversa.

Cristina López Villar, profesora na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Buscou sensibilizar a comunidade universitaria sobre a necesidade de implicarse activamente desde a responsabilidade cidadá e a prol da eliminación das desigualdades de xénero a través de charlas e a difusión e distribución do documental *Cambia de papel*. O proxecto foi realizado polo Grupo de Investigación Educación, Saúde e Actividade Física: Estudos de Xénero (ESAFEX) da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, co obxectivo de incrementar o nivel de coñecemento que a comunidade universitaria ten sobre as causas e raíces da pobreza.

Yago Borja Carro Patiño, profesor do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo na ETS de Arquitectura. Publicou un libro en formato dixital e físico sobre os resultados do proxecto de investigación *Procesos habitados. Análisis comparativo de las máquinas arquitectónicas de vivienda para contextos en crisis de habitabilidad*, realizado en 2012 mediante unha axuda da VI Convocatoria de axudas a proxectos de investigación en cooperación ao desenvolvemento.

María José Mosquera González, profesora na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Organizou a Xornada sobre Desenvolvemento Humano e Tortura, coa colaboración dun grupo universitario de Amnistía Internacional. Esta xornada estivo dirixida á comunidade universitaria, coa finalidade de formar os seus membros como activistas para mobilizaren os seus concidadáns na actuación a prol dos dereitos humanos.

Araceli Serantes Pazos, profesora da Facultade de Ciencias da Educación e membro do Grupo de Investigación Política Educativa, Historia e Sociedade (PEHS). Realizou as II Xornadas de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global. A finalidade destas xornadas é promover a xustiza social a través de proxectos de cooperación internacional, axudas humanitarias e de emerxencia, educación para o desenvolvemento e sensibilización, e o comercio xusto.

Actividades coas ONG de desenvolvemento

Unha das prioridades da Área de Cooperación ao Desenvolvemento da OCV é a de colaborar coas distintas ONGD tanto da provincia da Coruña como de Galicia en xeral, así como con outros axentes da cooperación galega, na busca de sinerxías que permitan unha cooperación máis efectiva e de calidade. Esta colaboración atinxe a realización de actividades conxuntas; labores de sensibilización e de educación para o desenvolvemento a través da organización de xornadas, charlas, obradoiros, seminarios e exposicións; e a difusión das diferentes actividades que desenvolven estas organizacións a través das nosas redes e contactos.

Este interese da OCV polo traballo conxunto coas ONGD amplíase coas colaboracións con outras entidades e organismos de acción social, o que se verá reflectido na información que presentamos a continuación.

ONGD Viraventos

En 2015 a OCV colaborou coa dita ONGD para contratar un cátering para as XII Xornadas de Inmigración e Interculturalidade, que tiveron lugar a finais do mes de outubro na Facultade de Filoloxía. Os produtos consumidos foron de orixe africana e de comercio xusto.

Alén disto, existe un convenio para a realización de actividades de Aprendizaxe-Servizo. Este ano leváronse a cabo proxectos co alumnado de 4 materias da facultade de CC da Educación.

Coordinadora Galega de ONGD

No ano 2015 continuaron os labores de difusión e intercambio de información entre as dúas entidades. Ademais disto, a OCV participou no Foro Xuventude en Movemento coa organización dun obradoiro práctico denominado “Movendo fronteiras” na Facultade de Economía e Empresa. Neste obradoiro contouse coa responsable de comunicación da Coordinadora Galega de ONGD, que deu a coñecer as posibilidades de empregabilidade que ofrece o campo da cooperación ao desenvolvemento desde unha visión global, facendo fincapé nos perfís máis buscados (cooperantes expatriados, traballo en organismos internacionais, ONGD, consultoría, acción humanitaria etc.)

Solidariedade Internacional Galicia

Colaboración activa na organización e difusión das II Xornadas de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, que tiveron lugar en dúas datas do mes de abril na Facultade de Ciencias da Educación, así como do Foro de Investigación en Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global. Participouse nas respectivas mesas redondas e nos obradoiros conxuntos de reflexión en ambas as citas.

ONGD Arquitectura sen Fronteiras Galicia

Durante o 2015 colaborouse no *Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa 2014-2015*, cunha serie de charlas e actividades de sensibilización á volta desta temática.

Por outra banda, membros da dita ONGD participaron no encontro universitario entre ONGD e universidades que se organizou con motivo da estada dunha técnica da Universidade do Minho, a través do programa Iacobus, na UDC.

SOS Racismo Galicia

A OCV sumouse á campaña “Racistas, #mantenos fóra de xogo”, con que a dita entidade pretendeu sensibilizar sobre a existencia de manifestacións racistas e discriminatorias no distintos espazos de ocio (hostalaría, deportivos etc.), lugares igualmente necesarios e importantes para a integración das persoas migrantes, así como dentro das aulas.

ACCEM

Iniciouse a colaboración coa dita entidade para poñer en marcha, xunto o Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais (ESOMI) e o Mestrado Oficial en Migracións Internacionais (MOMI), un programa de voluntariado especializado en migracións e refuxio. Así mesmo, colaborouse na difusión da charla “A participación da cidadanía na acollida de persoas refuxiadas” a cargo de representantes da organización ACCEM, na conmemoración do Día Internacional do Voluntariado o 5 de decembro.

Foro Galego de Inmigración

A OCV é membro do Foro Galego de Inmigración desde o ano 2004, e colabora coa dita plataforma na organización de distintas actividades de sensibilización sobre os dereitos das persoas migrantes, alén de reivindicativas.

Ademais de difundilas, participouse activamente na *performance* “STOP mortes no Mediterráneo” e na III Semana de Loita contra as Fronteiras. Tamén se colaborou na organización dos actos de conmemoración do Día Internacional das Migracións o 18 de decembro, en que se levaron a cabo unha concentración e unha manifestación, así como se asistiu a unha recepción oficial no consistorio coruñés.

Interred Galicia

Durante o ano 2015, alén de intercambiar información para a súa difusión, organizouse conxuntamente coa dita ONGD o curso “Desvelando masculinidades hexemónicas: o papel dos homes nas relacións de equidade de xénero”. Nel reflexionouse sobre os significados hexemónicos de ser home, e sobre as estratexias de cambio cara a outras masculinidades que asumen afirmativamente os coidados, a equidade e a igualdade de xénero, todo isto a través da metodoloxía educativa equinoccio, que inclúe xogos, arteterapia, traballo corporal, teatro foro e foto palabra, entre outras metodoloxías. O curso desenvolveuse en Ferrol os días 15 e 16 de outubro.

Médicos sen Fronteiras

No mes de novembro organizouse con Médicos sen Fronteiras (MSF) a charla “Refuxiados/as, a perigosa ruta do Mediterráneo”, a cargo de Samyr Sayyad, mediador intercultural no barco de rescate de MSF Dignity I, e María Díaz, delegada de MSF en Galicia. Tivo lugar na Facultade de Socioloxía.

Amnistía Internacional

Ao longo do ano 2015 colaborouse coa ONGD Amnistía Internacional na difusión do seu labor a través da organización de diferentes charlas conxuntamente co profesorado da UDC na Facultade de Dereito.

3

Voluntariado

Acción voluntaria realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico; que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcional ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída; que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan; que se leve a efecto en función de programas concretos, que sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia

Os diferentes programas de voluntariado da OCV, ben sexan puntuais ou continuos no tempo, comezan sempre cun proceso de estudo que se pon en marcha cando calquera ONG, asociación ou administración pública establece contacto con nós. Posteriormente, analízase a pertinencia e a sustentabilidade do proxecto, e en función destas variables e do número de persoas voluntarias dispoñibles ou interesadas, decídese o seu desenvolvemento.

A nosas propostas de actuación voluntaria abarcan moitos ámbitos, na busca de favorecer a elección das persoas á hora de decantarse por un ou outro labor no eido do voluntariado.

Cabe salientarmos deste 2015 que no mes de outubro se aprobou, tras case vinte anos de vixencia da anterior, a nova lei estatal de voluntariado. A Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado, establece unha serie de novidades para adecuar esta actividade aos novos tempos e características da sociedade actual.

Por outra banda, sensibilizadas e horrorizadas pola situación, e consonte ao chamamento da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) en relación á crise humanitaria das persoas refuxiadas, iniciamos no mes de outubro a posta en marcha dun novo programa de voluntariado especializado en migracións e refuxio.

Menores

Centro de Acollida de Menores de Bañobre

O obxectivo deste proxecto de voluntariado foi buscar o tratamento individual e igualitario de cada un dos trinta e cinco menores que viven no centro de acollida a través de actividades lúdicas. Neste ano 2015, realizáronse todas as actividades de ocio programadas e un 40% máis de actividades que non estaban programadas. A asistencia do voluntariado ao proxecto foi do 95%, o que estivo motivado en moitas ocasións pola falta de medio de transporte para desprazarse até o centro. Durante este ano, un 20% dos menores integrouse en actividades con grupos xa formados.

Programa de voluntariado “E agora que?”

Este proxecto xorde en 2012 para dar resposta a unha necesidade detectada polos voluntarios e as voluntarias participantes no programa anterior: a integración sociolaboral das persoas que viven no Centro de Acollida de Menores de Bañobre, que unha vez chegan á adolescencia teñen que comezar a desenvolver unhas expectativas de emancipación persoal.

As persoas voluntarias levan a cabo un programa de seguimento e de orientación que busca ser unha “fase ponte” de cara á saída do centro dos e as adolescentes, onde os plans de acceso á vivenda, a orientación laboral, a continuidade da formación académica etc. tratan de ser as ferramentas esenciais de empoderamento que precisan nese proceso de emancipación. En 2015 fíxose o acompañamento de oito menores.

Barrio das Rañas

As actividades que desenvolve o voluntariado da OCV neste proxecto están orientadas ao apoio na realización das tarefas escolares de nenos e nenas de entre 6 e 16 anos, así como á iniciación dos máis pequenos nunha dinámica escolar e ao ocio educativo.

Unha media de vinte e catro rapaces e rapazas asistiu ás actividades desenvolvidas polas persoas voluntarias da OCV. Un dos obxectivos marcados para este ano foi a continuidade na asistencia dos menores á actividade de apoio escolar, que aumenta nos máis pequenos.

Tamén se apostou por unha maior coordinación co centro educativo dos

Apoio escolar a menores en Ferrol

maiores e por iniciar o apoio dos rapaces de instituto, o cal se conseguiu cos varóns.

Así mesmo, a finais do 2015 chegouse a un acordo con Cáritas Interparroquial para a cesión dun local durante as fins de semana para o desenvolvemento da actividade de apoio escolar.

Neste caso, trátase de darlles o apoio escolar preciso a menores inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, así como a outros rapaces nunha especial situación de vulnerabilidade, para que poidan levar un ritmo de desempeño acorde ao do resto de menores na escola. Un par de horas á mañá dos sábados (de 11.30 a 13.30 h), o grupo de voluntariado ofreceu apoio e acompañamento nas diferentes materias de estudo aos menores, para estes seguiren a bo ritmo o desenvolvemento do curso escolar.

Exclusión social Acompañamento e información a persoas sen fogar

Este programa, cuxo fin é romper a incomunicación, o illamento e a soidade das persoas sen fogar, ao crear un vínculo afectivo a través do contacto permanente con elas, leva en funcionamento na cidade da Coruña desde o ano 1998.

En 2015 realizouse unha ruta durante un día á semana con repartición gratuíta de café para as persoas que o precisasen. Así mesmo, elaborouse un *kit* de información en varios idiomas e unha guía interactiva de recursos da cidade, accesible a través da web da UDC.

Colaboración coa Fundación Fogar Santa Lucía para mulleres sen teito

O voluntariado da OCV colabora na actividade da Aula de Cultura desta fundación coas mulleres de menor nivel educativo. Como complemento, organízanse saídas culturais en que participan todas as mulleres que viven no centro. Neste ano tivo lugar unha media de tres saídas por trimestre, e participaron unha media de oito mulleres.

Colaboración co Fogar de Sor Eusebia

No Fogar de Sor Eusebia conviven homes sen teito con algún tipo de problema que lles impide valerse por si mesmos fóra. O obxectivo da colaboración da OCV é dinamizar a vida dos usuarios e ofrecerlles alternativas de ocio. A meirande parte das actividades realizouse no propio centro, aínda que ao longo do ano 2015 tamén se levaron a cabo saídas culturais e de ocio cos usuarios.

Centro Penitenciario de Teixeiro

A OCV desenvolve distintas accións no Centro Penitenciario de Teixeiro desde hai máis dunha década. A través da Aula de Cultura para o fomento e a difusión da solidariedade, da ciencia e da cultura, así como da realización de distintos obradoiros e outras actividades formativas, promóvese a interacción entre persoas reclusas e voluntarias.

Durante 2015 continuouse coa proxección de películas e documentais para o posterior debate ao respecto, consolidándose a dita actividade como unha das máis agardadas e seguidas polas persoas reclusas. Alén diso, continuouse co obradoiro de creación literaria, que tras dous anos de traballo, deuse por rematado no verán.

Convenio de colaboración coa Cociña Económica da Coruña

A Cociña Económica é unha entidade establecida na Coruña desde o ano 1886.

Actualmente ten tres servizos en funcionamento: un de almozos e comidas, outro de lavandaría e outro de duchas. O voluntariado da OCV colaborou na recollida e entrega da roupa no servizo de lavandaría, así como na entrega e recollida dos materiais de aseo no servizo de duchas, alén de ofrecer, a toda aquela persoa que o requirise, un anaco de compañía e conversación.

Inmigración Aula de informática

O programa, que funcionou ininterrompidamente desde o ano 2008 até mediados de 2015, buscaba, por unha banda, minimizar a chamada “fenda dixital”, polo que se ofertaron clases de alfabetización para aquelas persoas que non dispuxesen de coñecementos básicos en informática; e, pola

participativa e intercultural

outra, afianzar e mellorar o achegamento ás TIC das persoas participantes con maior nivel, facilitando os coñecementos e as ferramentas precisas para poder facer unha busca activa de emprego, incluída a creación de páxinas web, blogues etc.

Coa cesión do espazo adxudicado á OCV no Edificio de Apoio ao Estudo do campus de Esteiro para a ampliación dunha entidade bancaria, deuse por finalizado o dito programa.

Voluntariado especializado en migracións e refuxio

En colaboración co Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais (ESOMI) e o Mestrado Oficial en Migracións Internacionais (MOMI), no mes de outubro déronse os primeiros pasos para implementar un programa de voluntariado especializado en mediación intercultural e integración de persoas inmigrantes.

Con este voluntariado, pretendemos atender as necesidades das persoas refuxiadas que chegarán proximamente á cidade da Coruña. A posta en marcha desta iniciativa, está en consonancia coas medidas aprobadas na Asemblea Xeral da CRUE o pasado 7 de setembro, de axuda ás persoas refuxiadas por parte das universidades españolas.

Aulas de español en SOS Racismo Galicia

Tras a sinatura dun acordo de colaboración entre a OCV e a dita ONGD con sede na cidade da Coruña, o voluntariado universitario colabora naquela entidade desde o mes de decembro, impartindo aulas de apoio escolar a rapaces e rapazas de orixe inmigrante de educación secundaria, así como de español para estranxeiros.

Albergue de Transeúntes Padre Rubinos

O voluntariado da OCV colabora nas actividades do centro de día que se ofrecen para as persoas usuarias do albergue, na recollida e clasificación de roupa ou nas actividades do comedor. Tamén participa en actividades de ocio (saídas culturais etc.); obradoiros de prensa, ioga, elaboración xabóns, pintura etc.; e na liga social de fútbol.

Ámbito sociosanitario Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera

Este proxecto iniciouse en maio de 2009, na Área de Lactantes do Hospital. En 2015 houbo dezaseis persoas voluntarias que asistiron asiduamente ao proxecto e á súa formación específica. As actividades foron moi variadas, debido a que as idades dos menores oscilan entre os 0 e os 3 anos: monicreques, globoflexia, contacontos...

Durante este ano mellorouse moito na organización do grupo e na relación directa co persoal de enfermaría.

Acompañamento de persoas enfermas no Hospital Oncolóxico Rexional de Galicia

Este proxecto xorde como unha colaboración coa Asociación Española contra o Cancro, que leva a cabo actividades en hospitais. O obxectivo primordial é mellorar, dentro dos medios de que se dispón, a calidade de vida das persoas afectadas pola dita enfermidade. O voluntariado da OCV realiza o acompañamento dos enfermos de cancro e dos seus familiares.

Saúde mental e acompañamento hospitalario

Durante o ano 2015 traballouse para mellorar a coordinación e a incorporación de voluntariado aos proxectos de acompañamento hospitalario a persoas do Servizo de Saúde Mental usuarias do Centro de Día do Hospital Marítimo de Oza; e ao proxecto de acompañamento hospitalario a persoas da Área de Rehabilitación do mesmo hospital.

Doazón de medula ósea

No 2015 o voluntariado da OCV colaborou coa Asociación de Transplantados de Medula Ósea (ASOTRAME) para concienciar a comunidade universitaria sobre a importancia da doazón. Organizouse unha dinámica participativa e colaborouse co posto de información e captación de novas persoas doadoras nos campus da Coruña e Ferrol.

ALCER Coruña

A OCV asinou un acordo de colaboración con ALCER Coruña para que o voluntariado da UDC poida participar no seu programa “Doar palabras” coas persoas doentes de enfermidade de ril que reciben diálise no Hospital Juan Cardona, situado no barrio de Caranza de Ferrol. O seu labor consiste en actualizar e manter unhas pequenas bibliotecas habilitadas no hospital, e potenciar a lectura entre os doentes mentres reciben tratamento nas unidades de diálise.

Asociación de Bulimia e Anorexia da Coruña (ABAC)

Continuamos a colaboración coa Asociación de Bulimia e Anorexia da Coruña para que o voluntariado participe no acompañamento de adolescentes que sofren este tipo de trastornos na alimentación, e para tomar parte tamén nas campañas de sensibilización que esta asociación realiza nos institutos da cidade.

Diversidade funcional Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Física (CAMF)

O labor do voluntariado consiste en acompañar as persoas residentes cando saen ao exterior para faceren calquera tipo de xestión persoal, ou mesmo para gozaren de tempo de lecer.

O voluntariado da OCV acode en distintos horarios durante toda a semana, na procura de abranger o maior número de demandas de acompañamento que se poida producir. Tamén asiste en materia de alfabetización dixital e manexo de ordenadores, teléfonos intelixentes etc. ás persoas que así o solicitan.

Educación para o desenvolvemento

Proxecto de sensibilización da comunidade universitaria

O voluntariado que participa neste proxecto diseña materiais de sensibilización, dinámicas e xogos de carácter lúdico para intentar chamar a atención dos seus compañeiros e compañeiras dos campus sobre a importancia de exercer unha cidadanía activa e actuar en defensa dos dereitos humanos e a xustiza social.

No 2015 o voluntariado organizou distintas actividades nos campus da Coruña e Ferrol en colaboración con distintas entidades, para lles dar visibilidade entre a comunidade universitaria e establecer sinerxías coa OCV. De igual maneira, o voluntariado xestionou o seu propio blogue, *Mesxmes*, ademais dun perfil en Facebook.

Cómpre salientarmos as actividades complementarias ao I Ciclo de Cine e Dereitos Humanos, organizado en colaboración coa Área de Cultura, que se desenvolveu en Ferrol: dinámicas, *performances*, exposicións, xogos etc. E, sobre todo, a inclusión deste proxecto dentro da guía de boas prácticas en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento editada pola CRUE (<http://buenaspracticassocud.es/sensibilizacion/proyecto-sensibilizacion-comunidad-universitaria>).

Experiencias

Entrevista a Javier De Fernando López, voluntario na OCV



Que é para ti o voluntariado?

É una forma de contribuír a facer una sociedade mellor, xa que desta maneira pódese chegar a diferentes ámbitos onde as institucións públicas non chegan, ou [onde] o seu labor é insuficiente.

En que proxecto estás a participar?

No proxecto de educación para o desenvolvemento.

Canto tempo levas colaborando en proxectos da OCV?

Comecei en outubro do ano pasado.

Como te sentiches o primeiro día que fuches ao proxecto?

O primeiro día que acudín a facer unha actividade deste proxecto estaba expectante, xa que nunca antes participara nun voluntariado deste tipo.

Que che proporciona o voluntariado no persoal, profesional e vital?

No persoal e vital, o voluntariado proporcioname novas experiencias, coñecer a nova xente que traballa no eido do voluntariado, e coñecer novos aspectos da realidade que nos rodea. Así que é algo que me enriquece persoalmente. No profesional, achégame traballar desde outro punto de vista e [dunha] forma totalmente diferente á educación formal.

Cales foron as túas motivacións para iniciar un labor voluntario?

A principal motivación que tiven á hora de iniciar o voluntariado neste proxecto foi que a realidade que nos rodea é moi mellorable en moitos aspectos: igualdade entre todas as persoas, conservación do medio, dereitos sociais... En definitiva, é contribuír desde o voluntariado a construír unha sociedade máis xusta e igual.

Por que na OCV?

Porque é a única organización que traballa sobre a educación para o desenvolvemento.

Actividades con outras entidades de acción social

Asociación Ciudadá de Loita contra a Droga (ACLAD)

En 2015 seguimos a colaborar coa dita entidade na organización e na difusión do Seminario sobre Condutas Adictivas e Prevención para Persoas Mediadoras, que se levou a cabo na cidade de Ferrol no mes de abril.

Asociación Española contra o Cancro

A OCV, dentro da colaboración anual que leva a cabo coa Xunta Provincial da Coruña da Asociación Española contra o Cancro, participou na campaña anual do Día Mundial sen Tabaco introducindo esta campaña nos campus universitarios.

Fundación SEUR

Seguimos a colaborar coa dita fundación na campaña solidaria de recollida de tapóns para distintas causas. Os recipientes, situados en distintos edificios dos campus da Coruña e Ferrol, seguen enchéndose de tapóns de plástico, de xeito que a súa doazón se converte pouco a pouco nun acto cotián.

Asociación ecoloxista ADEGA

A OCV organizou en conxunto coa asociación ecoloxista galega varias iniciativas de carácter puntual en Ferrol. Entre elas, continuou participando no Proxecto Ríos, cunha saída de coñecemento do río Sardiña en setembro. Ademais, con motivo da celebración do Día Mundial dos Océanos o 8 de xuño, a organización ecoloxista promoveu a IV Limpeza Simultánea de Praias en Galiza, e a OCV sumouse á dita iniciativa acudindo cun grupo de voluntarios e voluntarias á praia de Ponzos (tamén en Ferrol).

Colaboracións con outras administracións Institucións penitenciarias

En 2015 a OCV seguiu a participar activamente no Consello Social do Centro Penal de Teixeira xunto con outras entidades que tamén traballan neste centro, co fin de serviren de interlocutoras entre a institución e o resto de entidades que prestan algún tipo de servizo ou colaboran con diferentes actividades.

Concello da Coruña

Neste ano 2015, a OCV colaborou estreitamente coa Área de Servizos Sociais do Concello da Coruña na organización anual das Xornadas para as Persoas sen Teito e para a coordinación do proxecto de voluntariado que a OCV ten nesta temática. Iniciáronse tamén os trámites para a posta en marcha dun proxecto de vivenda compartida entre o estudantado da UDC e persoas maiores. E se colabora coordinadamente coa Consellería de Diversidade e Igualdade no tocante á cuestión das persoas refuxiadas

Colaboracións no seo da Universidade da Coruña CUFIE

Dentro da UDC, a OCV traballa para cooperar e coordinarse co resto de unidades e servizos con que existen liñas de traballo comúns. Así, colabórase estreitamente co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) na posta en marcha e a potenciación da aprendizaxe-servizo na UDC.

SAPE

Tamén se colabora co Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) para o intercambio de información e a posterior difusión desta nas súas redes, tanto no campus coruñés como no ferrolán.

ESOMI-MOMI

Cómpre destacarmos a estreita colaboración que se deu durante todo o ano co ESOMI e o MOMI, fundamentalmente coa programación de distintas accións de sensibilización, tales como a conferencia impartida polo investigador CNRS do Instituto Francés de Oriente Próximo (Amán, Xordania) Kamel Dorai, co título “Itinerarios de refuxiados sirios. De Oriente Medio a Europa”; ou a conferencia “Refuxiados/as, a perigosa ruta do mediterráneo, a cargo de Samyr Sayyad, mediador intercultural no barco de rescate de MSF Dignity I e María Díaz, delegada de MSF en Galicia.

Ademais destas accións, puxemos en marcha o programa de voluntariado especializado en migracións e refuxio.

ÁREA DE CULTURA

En Ferrol tamén se colabora con outros servizos da UDC, como a Área de Cultura, conxuntamente coa cal a finais do 2014 e até xullo de 2015 se puxo en marcha o I Ciclo de Cine e Dereitos Humanos. No dito ciclo proxectáronse sete películas e/ou documentais, acompañadas de accións tales como *performances* ou charlas sobre temáticas relacionadas cos dereitos humanos.

OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO

Tamén colaboramos estreitamente coa Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), na difusión de actividades e/ou na súa organización, especialmente coas desenvolvidas ao redor do Día Internacional das Mulleres.

ETS DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

Anualmente, a OCV colabora coa ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos na realización dun ciclo de conferencias sobre introdución á cooperación para o desenvolvemento, en que se dá unha visión clara do que é a cooperación nos países do sur, se definen os conceptos chave da cooperación e se favorece a sensibilización da poboación universitaria, así como do resto do público en xeral.

OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

En 2015 colaboramos coa Oficina de Medio Ambiente (OMA) cun posto na VI Xornada de Sustentabilidade na UDC, ademais de se realizaren distintos contactos para poñer en marcha unha colaboración en materia de voluntariado ambiental nos campus.

ONGD PRESENTES NA UDC

Por último, destacaremos o noso compromiso de colaboración coas ONGD presentes na UDC (Enxeñería sen Fronteiras, Arquitectura sen Fronteiras). Mantemos estreitos lazos con elas e traballamos conxuntamente en iniciativas que redundan na promoción da cooperación e a educación para o desenvolvemento, tanto dentro da comunidade universitaria como no conxunto da sociedade en xeral.

FUAC

Na segunda metade do ano pasado, iniciouse unha colaboración coa Fundación Universidade da Coruña (FUAC) para a formulación dun proxecto conxunto a presentar en consorcio á convocatoria de Innovación en Cooperación ao Desenvolvemento da AECID. O dito proxecto resultou subvencionado, e está a ser executado en parcería coa Universidade Eduardo Mondlane de Mozambique.

MÉDICOS SEN FRONTEIRAS

No mes de novembro organizouse, xunto á dita organización na Facultade de Socioloxía do campus de Elviña, a charla "Refuxiados/as, a perigosa ruta do Mediterráneo", a cargo de Samyr Sayyad, mediador intercultural no barco de rescate de Médicos Sen Fronteiras Dignity I e María Díaz, delegada de MSF en Galicia.

4

Aprendizaxe-Servizo

A Aprendizaxe-Servizo é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo comunitario nun proxecto ben articulado, onde os participantes aprenden a traballar en necesidades reais do ambiente, co fin de melloralo.

En suma, o aprendizaxe-servizo é un método para unir o compromiso social para a aprendizaxe de coñecementos, habilidades, actitudes e valores. Aprende a ser competente para ser útil a outros

Definición do Centre Promotor d'Aprenentatge Servei.

A mediados do ano 2014 a OCV iniciou un novo proxecto, enfocado a introducir na UDC unha nova metodoloxía, ben coñecida xa noutros países (especialmente os de tradición anglosaxona) e en comunidades como a catalana, pero que na nosa contorna non tiña aínda moita representación, por non seren especialmente coñecida, sobre todo por parte da comunidade universitaria: o Aprendizaxe-Servizo.

Convencidas que a súa introdución, axudará a participar a un maior número de persoas membro da comunidade universitaria (especialmente o PDI), apostamos polo ApS cun primeiro seminario de formación no ano 2014.

Posteriormente, no 2015, empezouse a traballar en colaboración co CUFIE, facendo un protocolo interno de asunción de responsabilidades entre os dous servizos nesta materia e organizamos unha nova formación práctica para profesorado, na que se fixo un workshop entre as entidades do terceiro sector e o PDI da universidade, para poder ir materializando as propostas e iniciando algúns dos proxectos. A raíz disto traballouse nun convenio Marco de Colaboración entre todas as entidades dispostas a participar en proxectos de ApS e a UDC e iniciáronse 5 novas propostas de proxecto entre profesorado e ONGD.

En decembro do 2015 aprobouse en Consello de Goberno un documento de institucionalización do proxecto de Aprendizaxe e Servizo, dando pé ao fomento desta nova metodoloxía por parte do PDI da Universidade. O persoal técnico da OCV estase a formar nesta materia, asistindo a diversos cursos de formación e Congresos a nivel Estatal.

5

Formación

Acción e efecto de formar ou formarse. Conxunto de coñecementos teóricos e prácticos adquiridos polo estudo e a experiencia, sobre unha materia determinada ou en xeral.

Diccionario da RAG

Desde a OCV somos moi conscientes da importancia da formación para todas aquelas persoas que colaboran nalgunha das nosas propostas, pois para participar, hai que saber como facelo.

A formación é unha das principais liñas estratéxicas de traballo da OCV. Preténdese que as accións que realiza o noso voluntariado sexan de calidade, polo que cando unha persoa decide implicarse nalgún programa de voluntariado debe realizar un curso básico encamiñado a que coñeza os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados coa labor que levará a cabo.

Ademais desta formación inicial básica, promóvese a formación continua nos aspectos específicos que se vinculan a cada programa, por exemplo, as habilidades sociais, a animación hospitalaria, nocións de prevención de adiccións etc.

Trabállase tamén na organización de liñas formativas e de sensibilización abertas ao resto da comunidade universitaria, que se orientan á cooperación para o desenvolvemento. Así, no ano 2015 organizáronse as VI Xornadas para as Persoas sen Teito. Voluntariado na Rúa e as XII Xornadas sobre Inmigración e Interculturalidade na Coruña; e o Curso de Introducción á Cooperación e Educación ao Desenvolvemento en Ferrol.

Debemos salientar, de igual maneira, a formación específica enfocada ao PDI e tamén ao PAS, que se ofertou tras a creación da RGCUD, con varios cursos de formación ao longo do ano.

Doutra banda, o propio persoal desta oficina asiste a diferentes cursos e xornadas de formación para poder mellorar a calidade do servizo de voluntariado e de cooperación ao desenvolvemento que se ofrece, e realiza tamén formación online específica. Algúns exemplos destas formacións foron: *V Xornadas Técnicas: aspectos Éticos e*

Xurídicos na atención ás persoas con capacidade modificada; Curso Xestión e Facilitación de grupos ou Voluntariado penitenciario.

Como é habitual, recollemos os datos de todos os cursos de formación organizados durante o ano 2015 nos campus da Coruña e Ferrol na infografía que se presenta a continuación. Añadimos tamén o número de asistentes aos ditos cursos nela, e o nivel de satisfacción xeral acadado, nunha escala que vai de 1 a 5, sendo o 5 valor máximo.

342

Asistentes a cursos de formación no ano 2015

13

Proxectos de Coñecemento da Realidade. Voluntariado en Cooperación.
Grao de satisfacción xeral das persoas asistentes: 3,92 nunha escala de 5 puntos

14

Curso de Animación para o Voluntariado con Maiores e Persoas con Diversidade Funcional.
Grao de satisfacción xeral das persoas asistentes: 4.2 nunha escala de 5 puntos

20

Curso construíndo Aprendizaxe-Servizo na UDC.
Grao de satisfacción xeral das persoas asistentes: 4,8 nunha escala de 5 puntos

19

A Práctica da Intelixencia Emocional na Labor Voluntaria
Grao de satisfacción xeral das persoas asistentes: 4,2 nunha escala de 5 puntos



100

Curso Básico de Voluntariado.
Grao de satisfacción xeral das persoas asistentes: 4.57 nunha escala de 5 puntos

10

Formulación e Xustificación Administrativa de Proxectos de Cooperación Universitaria.
Grao de satisfacción xeral das persoas asistentes: 4,38 nunha escala de 5 puntos

14

Formulación de Proxectos de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento
Grao de satisfacción xeral das persoas asistentes: 4,9 nunha escala de 5 puntos.

12

Introdución á Cooperación e á Educación ao Desenvolvemento.
Grao de satisfacción xeral das persoas asistentes: 4.2 nunha escala de 5 puntos

13

Curso de Animación Hospitalaria
Grao satisfacción xeral das persoas
asistentes: 4.4
nunha escala de 5 puntos

22

Curso de Primeiros Auxilios Especializado en
Bebés e Infancia Aplicado ao Voluntariado
Grao satisfacción xeral das persoas
asistentes: 4.27 nunha escala de 5 puntos

21

Seminario sobre Condutas Adictivas e
Prevención para Persoas Mediadoras.
Grao satisfacción xeral das persoas
asistentes: 4.3 nunha escala de 5 puntos

45

VI Xornadas sobre as Persoas sen Teito.
Voluntariado na Rúa
Grao satisfacción xeral das persoas
asistentes: 4.18 nunha escala de 5 puntos

7


Desvelando as masculinidades hexemónicas:
O papel dos homes nas relacións de equidade
de xénero.
Grao satisfacción xeral das persoas
asistentes: 4.8 nunha escala de 5 puntos

13

Curso de comprensión e apoio ás persoas con
TEA dende o voluntariado.
Grao satisfacción xeral das persoas
asistentes: 4.54 nunha escala de 5 puntos

35

XII Xornadas sobre Inmigración e
Interculturalidade.
Grao satisfacción xeral das persoas
asistentes: 4,25 nunha escala de 5 puntos



Participación en redes

Participación en redes

RGCUD

A OCV puxo en marcha xunto á USC no ano 2014 os traballos iniciais para a creación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), conformada polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo grazas ao financiamento da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións Externas e coa Unión Europea. A RGCUD ten como meta promover o traballo en rede entre as universidades galegas nos ámbitos da cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD) e a educación para o desenvolvemento (EPD)

Así, no ano 2015 organizáronse distintas accións formativas especificamente enfocadas ao PDI, completando así a oferta iniciada o ano anterior, e ampliandoa para o colectivo do PAS, con varios cursos de formación ao longo do ano:

Formulación de proxectos de cooperación e educación para o desenvolvemento: “O financiamento da UE”, realizado o 30 de outubro na cidade de Ferrol.

Formulación e xustificación administrativa de proxectos de cooperación universitaria. Formación específica para PAS.

Formulación de proxectos de cooperación e educación para o desenvolvemento: “O financiamento de organismos

multilaterais”, realizado o 4 de maio na cidade da Coruña.

Así como as xornadas organizadas por cada unha das universidades galegas que conforman a dita rede:

“A Construción de Alianzas Público-Privadas para o Desenvolvemento”, na cidade da Coruña.

“Os obxectivos de desenvolvemento sostible”, na cidade de Santiago de Compostela.

“Encontro Internacional”, na cidade de Vigo.

Os cursos básicos de formación que se levaron a cabo, e que forman parte do convenio da RGCUD, recóllense no apartado da formación xeral.

REUS

A Rede Española de Universidades Saudables (REUS), é un dos grupos de traballo constituídos na CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas). A REUS componse por dúas de Universidades españolas, a propia CRUE, o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, o Ministerio de Educación e algunhas Estructuras de Saúde Pública de varias Autonomías, e ten como obxectivo fundamental promover o papel das Universidades como entidades promotoras da saúde e o benestar da comunidade universitaria e da sociedade no seu conxunto.

A OCV pertence á Comisión Técnica do Campus UDC=Universidade Saudable, na que participa activamente coas súas diferentes propostas, que inclúen a elaboración de recursos ou a participación no Día das Universidades saúdable, entre outros.

REEDES

A OCV, a través da RGCUD, renovou a súa pertenza á Rede Española de Estudos de Desenvolvemento (REEDES). Por tanto, seguiu a difundir as convocatorias, os artigos e as propostas que xorden desta rede académica, interdisciplinar, especializada na investigación e a docencia en temas de desenvolvemento e cooperación internacional.

CRUE- INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN

A OCV participou activamente na Comisión de Internacionalización e Cooperación da CRUE, concretamente no grupo de traballo conformado en materia de comercio xusto e consumo responsable, constituído aproveitando o Plenario que tivo lugar na cidade de Oviedo o pasado mes de outubro.

Nos últimos meses de 2015 traballouse na redacción do borrador da declaración institucional das universidades nas ditas materias, que será presentado no vindeiro Congreso Estatal de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, no mes de maio de 2016.

Sinerxías con outras Universidades

UNIVERSIDADE DO MINHO (Portugal)

Grazas ao programa Iacobus, unha das técnicas da OCV puido gozar dunha bolsa para realizar unha estada na Universidade do Minho, en Braga, Portugal. Tras unha semana moi intensa de intercambio de información e experiencias na dita universidade, a técnica homóloga devolveu a visita á UDC. Estableceuse así unha nova liña de traballo en rede e coa suma de sinerxías entre a

cooperación universitaria galega e portuguesa, que se estendeu no tempo coa participación activa dos socios portugueses no encontro universitario organizado pola RGCUD en Pontevedra a finais de ano.

UNIVERSIDADE Eduardo Mondlane (Mozambique)

A OCV participa como socia xunto á Fudación Universidade da Coruña e á Universidade Eduardo Mondlane de Mozambique nun proxecto de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD) presentado á Convocatoria de Proxectos de Innovación en Cooperación ao Desenvolvemento da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID,) co título *“Implementación de un sistema de aprendizaxe y servicio para el alumnado enfocado a habitabilidad integral (agua, saneamiento, y mejora de la habitabilidad) de la Universidad Eduardo Mondlane (Maputo-Mozambique)”* que foi aprobado e subvencionado cun importe total de 187.250 €, e cunha achega da AECID de 74.824,00€ para un período de execución de 18 meses.

Comunicación

A comunicación, tanto interna como externa, é unha cuestión básica en calquera organización, xa que fai posible unha mellor integración das persoas que a conforman. No caso da OCV, a comunicación coas persoas voluntarias faise tanto de xeito informal como a través de canles máis formalizadas. Isto tamén acontece co resto de grupos de interese, no tocante á comunicación exterior, e entre o seu persoal técnico e as

persoas responsables da entidade.

En calquera caso, búscase garantir que a comunicación interna e externa sexa constante e fluída, e para conseguir isto, empregamos distintos mecanismos.

Páxina web propia

Na actualidade supón a principal vía de difusión externa das nosas iniciativas. Nela informamos sobre todas as actividades da OCV e poñemos á disposición das persoas usuarias documentos de interese ou ligazóns ás páxinas web doutras institucións ou organizacións. Así mesmo, a través dela pode facerse a preinscrición nas distintas accións formativas programadas ao longo do curso académico.

Outra das vías de comunicación externa empregada pola OCV, que se utiliza puntualmente cando a necesidade de proxección exterior da nova así o require, é a páxina web principal da UDC:

www.udc.gal

Intranet

Dentro da UDC, contamos tamén con outros medios propios de difusión, como é o caso das bases de datos de voluntariado e ONG de desenvolvemento que manexamos, e doutros grupos de correo con persoas interesadas en recibiren información sobre cursos e conferencias centrados en temáticas relacionadas coa cooperación para o desenvolvemento e co voluntariado social. Por tanto, o envío de información a través do correo electrónico é unha das nosas principais vías de comunicación.

RGCUD

Desde a creación e posta en marcha da web da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, o dito portal especializado converteuse nun recurso máis para a difusión das actividades desenvolvidas pola OCV. Así, estas son recollidas ademais polo Observatorio de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (OCUD), que publica na súa web as nosas novas, ampliando enormemente a difusión do noso traballo.

Redes sociais

Desde o ano 2011 dispoñemos dun perfil en Facebook a que se pode acceder buscando “Ocv Udc”, e que a finais do 2015 acadou máis de 1100 persoas seguidoras.

Boletín informativo

O *Boletín Informativo* da OCV vai dirixido non só ao noso voluntariado en activo e a aquelas persoas que nalgún momento formaron parte da organización, senón tamén a outras organizacións e entidades que se sumaron como subscritoras. Ao remate do ano, atinximos máis de trescentas persoas subscritoras que reciben información cada quince días, nun formato adaptado á súa lectura nos teléfonos intelixentes.

Taboleiros de anuncios

A OCV dispón de taboleiros de anuncios en dous espazos físicos nas oficinas da Coruña e Ferrol, en que a promoción das súas actividades se realiza por medio de trípticos e carteis, os cales tamén son repartidos no resto de facultades e edificios dos respectivos campus.

Reunións periódicas

O persoal técnico da entidade réunese puntualmente coas persoas coordinadoras dos distintos programas de voluntariado en funcionamento para coñecer o desenvolvemento destes, e poder facer os axustes pertinentes no caso de seren necesarios. Tamén realiza continuas visitas ás entidades con que realiza actividades en convenio para o seu seguimento conxunto, ou recibe os seus representantes en calquera das dúas oficinas de que dispón a OCV nos campus de Elviña e Esteiro.

Así mesmo, a dirección da OCV réunese co seu persoal técnico con asiduidade para avaliar a actividade do servizo e programar novas accións de iniciativa propia ou en colaboración con outras entidades.

Encontros informais

No 2015 celebrouse a XVI Edición da Festa Solidaria da OCV nun pub da Coruña. Esta actividade, ademais de para recadar fondos para os programas de voluntariado con menores, serve para favorecer as relacións entre as persoas da organización e mellorar a comunicación directa entre elas.

A idea central deste edición, reflectida no deseño do cartel e as entradas, foi o esforzo conxunto, representado en forma de corazón.

Medios de comunicación

Nalgunhas ocasións as actividades desenvolvidas pola OCV son recollidas en distintos medios de comunicación, fundamentalmente na prensa escrita, mais tamén puntualmente en televisións locais e radios, o que supón un importante pulo para a difusión das nosas propostas.

Tipografías empregadas

Georgia, tamaño 11
Trebuchet MS, tamaños 28 e 72

Cores principais empregados

Vermello: RGB 255, 107, 107 | HEX #FF6B6B
Azul/Turquesa: RGB 78, 205, 196 | HEX #4ECDC4
Gris: RGB 128, 128, 128 | HEX #808080

Recursos web externos empregados

www.mapbox.com

Documento optimizado para a súa edición en Microsoft Word 2010